

García, B.; Calo, H.;
Gandarela, P.
IES Campo de S. Alberto

Presentación



O CICLO DA AUGA



A CONTAMINACIÓN

A contaminación da auga subterránea, aínda que é menor que a da auga superficial, débese especialmente á agricultura, o arrastrar á auga infiltrada numerosos compostos químicos utilizados como fertilizantes ou abonos, ou tamén produtos fitosanitarios (para a loita contra as enfermidades e pragas), ou incluso por regar con auga salgada ou salobre, e converteuse tamén nunha preocupación nos países industrializados.


O CICLO DA AGUA

Confícese así o proceso por medio do cal a auga cae das nubes en forma de choiva, corre por diferentes solos e correntes subterráneas, forma lagos e ríos dende os cales se evapora novamente cara as nubes ou chega ós mares para, tamén, evaporarse cara as nubes onde se concentra e caerá novamente en forma de choiva pechando outra vez o ciclo.



COIDA A AUGA QUE TAMÉN ESTÁ NO PLANETA

BEATRIZ GARCÍA EIRAS
HELENA CALO ONS
PATRICIA GANDARELA SEIJAS



A AUGA

A auga é un recurso escaso, pero de importancia vital para a sociedade e a natureza, xa que forma parte, en un tanto por cento elevado, da composición de todos os seres vivos. De toda a auga existente no planeta, só unha pequena parte é aproveitable pola sociedade, e pola maior parte da natureza.

Alumno: Beatriz García Eiras, Helena Calo Ons, Patricia Gandarela Seijas

Lema: O ciclo da auga

Descrición:

A auga é un recurso escaso, pero de importancia vital para a sociedade e a natureza. De toda a auga existente no planeta, só unha pequena parte é aproveitable pola sociedade, e pola maior parte da natureza. Coida a auga que tamén está no planeta!

Centro: IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)

Curso: 1º ESO




Fernández, M.
IES Campo de S. Alberto

Fotografía

SOBRE OS TELLADOS

Estes patos agora están nadando sobre os canais de Bruxas, en Bélxica. Pero dentro de varios anos... ao millor non están nadando sobre os canais, senón, por enriba dos edificios que se ven reflectidos.

Eu estaba de excursión en Bélxica co meu instituto. Estabamos dando un paseo e atopeime con estes patos e ocorréuseme sacarlle unha foto, logo pensei: “ dentro de varios anos seguramente non estean



nadando tranquilos sobre os canais, pode que estean nadando sobre os grandes edificios reflectidos na auga. E isto acontecerá si non paramos o CAMBIO CLIMÁTICO”.



Alumno:

Mariña Fernández Reino

Lema:

Sobre os tellados / Enerxía e natureza

Descrición:

Imaxes do noso entorno natural

Centro:

IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)

Curso:

2º ESO

Vázquez, N.
IES Campo de S. Alberto

Narrativa



CONTAMINACIÓN DE LOS RÍOS Y MARES

Río Contaminado



Los vertidos tóxicos llegan directamente a los ríos y mares. Uno de los vertidos tóxicos es el petróleo.

También los vertidos químicos son uno de los problemas graves. Los detergentes, diversos productos industriales y los pesticidas son unos de los compuestos químicos que contaminan tanto los ríos y mares.

Muchas personas tiran bolsa, botellas de plástico etc. Los peces, ballenas, delfines etc, comen por equivocación esos residuos y se mueren.

Cada año mueren miles de personas en el mundo por beber agua contaminada

ORGANIZACIONES QUE LUCHAN POR UN MUNDO SIN CONTAMINACIÓN

Existen muchas organizaciones que luchan por un mundo sin en el que las personas dejemos de contaminar el medio ambiente. Uno de los problemas por los que luchan es la contaminación de los ríos y los mares unas de las organizaciones mas importantes es **GREENPEACE**.

Una de sus manifestaciones fue en florida (EEII) llevaron varios animales de plástico cubiertos de petróleo en contra de la perforación de pozos.



Alumno:

Natalia Vázquez Lojo

Lema:

A contaminación de ríos e mares

Descripción:

Como contaminan os ríos e organizacións que loitan para un mundo sen contaminación.

Centro:

IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)

Curso:

1º ESO B



Calo, H.
IES Campo de S. Alberto

Narrativa

Cambio climático

Chámase cambio climático á variación global do clima da Terra. É debido a causas naturais e tamén á acción do home e prodúcense sobre todos os parámetros climáticos : temperatura, precipitacións...

O cambio climático prodúcese pola gran cantidade de CO₂ que se emite á atmosfera, principalmente dende fábricas, fumes de automóbiles e sistemas de calefacción. O mundo industrializado conseguiu que a concentración destes gases aumentara un 30% dende o século pasado, cando, sen a actuación humana, a natureza encargábase de equilibrar as emisións destes gases.

EFFECTO INVERNADOIRO


Dentro dun invernadoiro a temperatura é máis alta ca no exterior porque entra máis enerxía da que sae.

Na Terra prodúcese un efecto similar de retención do calor grazas a algúns gases atmosféricos. O efecto invernadoiro fai que a temperatura media da superficie da Terra sexa 33° C, maior ca que tería se non existisen gases con efecto invernadoiro na atmosfera.

¿Por qué se produce o efecto invernadoiro?

Orixínase porque a enerxía que chega do sol, ao estar a altas temperaturas traspasa a atmosfera con gran facilidade, ao chegar á Terra enfríase e ao ser remitida á atmosfera é absorbida polos gases con efecto invernadoiro. Esta retención da enerxía fai que a temperatura sexa máis alta.

Poderíamos dicir de forma sencilla que o efecto invernadoiro o que fai é provocar que a enerxía que chega á Terra sea devolta máis lentamente, polo que se mantén máis tempo na superficie e produce unha elevación da temperatura.



Alumno:	Helena Calo Ons		
Lema:	Cambio Climático	Descripción:	O efecto invernadoiro. Como se produce e cales son os gases responsables. Definición de cambio climático e os cambios que este produce na natureza.
Centro:	IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)		
Curso:	1º ESO A		

García, B.
IES Campo de S. Alberto

Presentación



BEATRIZ GARCÍA EIRAS



NUBES ALTAS



NUBES BAJAS



ALTOSTRATOS

Capas delgadas de nubes con algunas zonas densas .
El aspecto que presentan es el de una capa uniforme de nubes con manchones irregulares.



Alumno:

Beatriz García Eiras

Lema:

Tipos de nubes

Centro:

IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)

Curso:

1º ESO

Descripción:

Estudio de tipos de nubes

¿CAMBIA O CLIMA?

CAUSAS NATURAIS

¿ Cambia o clima ?

A antigüidade da Terra é de 4500 millóns de anos aproximadamente . Sen embargo , o home “apareceu” hai apenas uns 3-4 millóns de anos . É dicir , se a formación da Terra durara un día , nos levaríamos nese día apenas un segundo existindo . O caso é que antes da aparición do ser humano xa se produciran cambios climáticos . E tamén se produciron algunhas Idades de Xeo cando o home xa existía. { A última , hai uns 10000 anos } Fai 300 anos , houbo unha pequena Idade de Xeo , que baixou a temperatura 1°C a media , polo que en Londres a temperatura era de -4°/-5°C . Tamén ocorreron os chamados “veráns podres” , nos que facía unha calor abochornante e unhas choivas intensísimas polo que as colleitas pudrían . Debido a iso, houbo épocas de fame e de moitas enfermidades , tales como a peste negra.

As causas que implican un Cambio Climático poden ser naturais , ou artificiais .

As causas naturais

Algunhas das causas naturais que poden provocar un Cambio Climático son :
Variacións da órbita terrestre en torno al Sol .
Manchas Solares .
Actividade Xeolóxica (volcáns)

“Variacións da órbita terrestre en torno ao Sol”

A Terra oscila lentamente sobre o seu eixo , coma unha peonza que está a punto de caer (movemento do trompo) , dando lugar a uns ciclos climáticos moi lentos que se coñecen como Ciclos de Milankovich . Estes ciclos afectarán tanto á cantidade de enerxía solar que chega á Terra , coma a parte da súa

Alumno: Iria Iglesias Martínez

Lema: (Cambia o clima) Causas Naturais

Centro: IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)

Curso: 1º ESO A

Descrición:

Causas naturais que fan que o clima poida cambiar e como o home contribúe.



superficie que a recibe . Existen uns ciclos regulares que abarcan periodos de entre 20.000 e 100.000 anos .

Crese que ditos ciclos son o factor principal das glaciacións , xa que ao diminuír a radiación incidente , diminúe a temperatura.

“Manchas Solares”

As crisis e óptimos climáticos tamén foron relacionadas con cambios reais na constante solar , a cal parece aumentar cando este astro presenta as súas manchas caracterísitas . Dende o año 1611 , no que Galileo descubreu as manchas solares , este fenómeno foise observando de forma permanente , polo cal sábese que a súa aparición prodúcese cada 11 anos , esvaecéndose ao cabo de 1 ou 2 anos . Posiblemente , a aparición das manchas presente algún outro período de rango maior , dado que non houbo manchas durante os 70 anos correspondentes á pequena Idade de Xeo . En calquera dos casos , a súa aparición sole coincidir con anos de seca en latitudes medias , as cales vense afectadas por unha alteración da circulación atmosférica xeral; por exemplo , no caso da Península Ibérica , as borrascas (

que durante gran parte do ano soen atravesar as nosas rexións empuxadas polos ventos occidentais) desplázanse a través de latitudes máis altas . Así sucedeu durante as dúas últimas secas , cuxos máximos alcanzáronse nos anos 1981 e 1992.

“Actividade Xeolóxica”

A influencia da actividade volcánica sobre o clima xa é un feito comprobado , de forma directa , coas grandes erupcións ocorridas durante as últimas décadas . Nunha erupción volcánica , especialmente se presenta un carácter explosivo , introdúcense na atmosfera cantidades importantes de gases e pó , que ascende ata a estratosfera , onde as fortes correntes horizontais dispérsanas por todo o planeta e mantéñenas en suspensión durante un largo tempo , aumentando o albedo e reducindo , por tanto , a radiación solar incidente.

En 1883 , o volcán Krakatoa expulsou a atmosfera 54 km³ de pó e gases , que provocaron unha diminución dun 10% en dita radiación . A erupción máis recente do volcán Pinatubo tamén produciu un efecto similar ,

Alumno:

Iria Iglesias Martínez

Lema:

(Cambia o clima) Causas Naturais

Descrición:

Causas naturais que fan que o clima poida cambiar e como o home contribúe.

Centro:

IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)

Curso:


1º ESO A



aínda que en menor cuantía . Non obstante , e aínda que as erupcións volcánicas podan producir un enfriamento transitorio , quizá non chegan a provocar unha prolongada crise climática e menos aínda , un período glaciár .

Algunha xente pensa que o home é o causante deste Cambio Climático , pero como

acabamos de ver , non é así . O home non ten “autoridade” para realizar ou parar un Cambio Climático . O que fai o home é aceleralo , chegando a dicir que se o Cambio Climático se produciría de causas naturais cada máis de 1000 anos . Pero o ser humano está acelerando dito proceso , e podería a chegar a suceder tal fenómeno en menos de 100 anos .



Alumno:

Iria Iglesias Martínez

Lema:

(Cambia o clima) Causas Naturais

Descrición:

Causas naturais que fan que o clima poida cambiar e como o home contribúe.

Centro:

IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)

Curso:

1º ESO A



O CAMBIO CLIMÁTICO

O quencemento global é un aumento no tempo de temperatura media da atmosfera terrestre e dos océanos. Na práctica, este término refírese só ó aumento ocorrido nas últimas décadas debido a actividade humana.

O término cambio climático designa calquer cambio no clima, sen especificar que a causa sexa ou non humana.

As causas do quencemento global debense ó chamado efecto invernadoiro.

O efecto invernadoiro prodúcese cando a enerxía solar atravesada a atmosfera e chega a superficie terrestre converténdose en calor. O CO₂ impide que este calor escape ó espazo exterior, polo que o calor volve de novo a superficie, quentando así a atmosfera e provocando un aumento de temperatura.

Na atmosfera o CO₂ antropoxénico produce un aumento do efecto invernadoiro natural: estas emisións proceden de diversas fontes como:

- A queima de combustibles procedentes do carbón e do petróleo.
- A destrución dos bosques tropicais.

A consecuencia previsible do quencemento global é un cambio de clima (a temperatura media terrestre está a aumentar un 0,3 grados por

ano) que afectaría a plantas e animais e que incluso podería provocar a fusión do xeo que cubre os polos, co que moitas zonas costeiras poderían quedar asulagadas baixo as augas.

O cambio do clima podería provocar o aumento de secas en certas zonas do planeta (o que tería como consecuencia a perda de colleitas provocando fame e epidemias), mentras que noutros lugares aumentarían moito as choivas provocando inundacións (que provocarían morte, epidemias, destrución de vivendas e colleitas...).

¿Qué podemos facer para evitar o cambio climático?

Todos os habitantes deste planeta estamos obrigados a tomar medidas para deter o cambio climático, aínda que as grandes decisións tomadas polos gobernos son fundamentais, hai moitas formas de axudar á descotaminación que están ó noso alcance:

- Deixar de utilizar CFC; podemos sustituílos por aerosois ou pulverizadores que non perxudiquen ó medio ambiente.
- Converter en enerxía o metano procedentes dos excrementos do gando, levandoos a unha planta química.
- Plantar árbores.

Na casa, recordar non malgastar a auga nin a enerxía eléctrica:

- Aillar tellados e ventanass para manter a casa quente.
- Utilizar un sistema de calefacción axeitado que aproveite a máxima enerxía.
- Reducir o consumo de combustibles dos automóbiles: hai modelos ecolóxicos que permiten consumir só unha terceira parte do combustible que necesita un coche normal. Máis sempre é millor o uso do transporte público.
- Apagar as luces cada vez que saiamos dunha estancia e utilizar bombillas e electrodomésticos de baixo consumo.
- Non deixar correr a auga quente cando se leva a louza ou nos lavamos os dentes, ou as mans.
- Utilizar a ducha en vez do baño.
- Reciclar o vidro, os plásticos e o papel. Así poderemos salvar moitas árbores.



Alumno:

Lucía Cruces Dosil

Lema:

O Cambio Climático

Centro:

IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)

Curso:

1º ESO A

Descrición:

Causas e que podemos facer nos.



Abeijón A.
IES Campo de S. Alberto

Narrativa



O Panel Intergubernamental do Cambio Climático emitíu un informe o primeiro semestre do ano que recollía as seguintes conclusións: o cambio climático actual é irreversible, é o máis acelerado da historia e tamén é forzado polo home. Este informe, fruto de moitos anos de traballo, era estrictamente científico, pero desde o Luns, 12 de Novembro, están reunidos en Valencia delegacións de 150 países para redactar un síntese do anterior documento dunha maneira consensuada. O acordo, avalado pola ONU, logrouse o Venres, 16 de Novembro e vai ser retificado na sesión plenaria na mañán do Sábado, 17 de Novembro.

¿Qué é o que recolle no documento de síntese? Que o cambio climático é de orixe humano (máis dun 90% de posibilidades), debido a emisións de gases do efecto invernadeiro e as súas consecuencias son <<irreversibles>>. Este documento deberá servir como referencia nos próximos cinco anos para a planificación mundial contra o calentamento global. O informe é moi importante porque o Xoves, 29 de Novembro volverán a reunirse en Bali (Indonesia) para negociar un novo acordo mundial contra o cambio climático dado que o Protocolo de Kyoto expira no ano 2012.

Alumno: Alexandre Abeijón Pazos

Lema: S.O.S.

Centro: IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)

Curso: 1º ESO A

Descrición:

Síntese do documento do IPCC

Legaspi X.
IES Campo de S. Alberto

Narrativa



Cambio Climático

A Terra está enferma debido a unha sobredosis de gases de efecto invernadoiro, sobre todo de CO_2 . A queima de combustibles fósiles e a deforestación, e a expulsión de CO_2 á atmosfera, son as principais causas do cambio climático. Durante o século XX a temperatura media global subiu $0,6^\circ\text{C}$, en Europa $0,95^\circ\text{C}$ e en España $1,5^\circ\text{C}$. De seguir así, expulsando CO_2 , os científicos prevén que a finais deste século a temperatura media

global aumentará entre os $1,4^\circ\text{C}$ e $5,8^\circ\text{C}$.

No ano 1997 creouse o Protocolo de Kyoto. Nel reuníronse os países máis ricos e industrializados e estableceron limitacións á súa contaminación. Estes países asumen o compromiso de reducir nun $5,2\%$ ao menos as súas emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera entre 2008 e 2012 respecto ás emisións de 1990.

O 85% da enerxía que produce a nosa civilización obtense a partir do petróleo, carbón e gas natural, que liberan á atmosfera enormes cantidades de CO_2 cando se queiman e son enerxías non renovabeis. A resposta máis adecuada para combater o quencemento global é o uso das enerxías limpas, é dicir, das enerxías renovabeis como a solar, eólica, biomasa, minihidráulica...

En 2016 solo o 18% das enerxías que se producen en España serán renovables.

Se seguimos botando tantas cantidades de CO_2 á atmosfera enfrontaremonos á morte e destrución do planeta Terra.

“Cada un de nós é unha causa do quencemento, pero, á vez, cada un de nós pode converterse en parte da solución”

Alumno:

Xabier Legaspi Juanatey

Lema:

Cambio Climático. A sobredosis de gases de efecto invernadoiro

Centro:

IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)

Curso:

1º ESO B

Descrición:

O C.C.: Causas, consecuencias, que podemos facer.



Freire O.
IES Campo de S. Alberto

Narrativa

¿Qué é o cambio climático?

Todos falamos del pero moitos non sabemos moí ben o que é. Outros confundimos o tempo clima. Para estudar a climatoloxía fan falla moitos anos estudando a zona. E tempo proveuse dun día para outro

- Más ou menos ven sendo que a temperatura da Terra subiu $0,6^{\circ}\text{C}$ no século pasado. Dito así non parece algo moí grave pero si que o é, se seguimos contaminando e contaminado...
- As consecuencias son as seguintes: aumentos da temperatura, o retroceso de glaciares, a anterioridade de a floramento (que se ve moito en Galicia e en España), o alargamento das estacións cálidas, o retroceso das plantas e animais e moitas razóns máis.



Alumno:

Óscar Freire Agulleiro

Lema:

¿Que é o cambio climático?

Descrición:

Causas e consecuencias do cambio climático. Exemplos de emisións.

Centro:


IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)

Curso:

1º ESO

Vilas C.
IES Campo de S. Alberto

Narrativa



“A ameaza é real e a forma de combatila é sinxela”

“A ameaza do cambio climático é real e a forma de combatilo é sinxela”. Algúns estudos demostran que sería suficiente aportar un 0,12% do PIB.

Entre as solucións propostas polos expertos figura facilitar financiación para que os países

en vías de desenvolvemento poidan adquirir tecnoloxía suficiente para reducir as emisións de CO₂ a atmosfera. Tamén un aumento progresivo do prezo do carbón, a redución de subvencións a os combustibles fósiles, o uso eficiente de fertilizantes e a redución da deforestación.

Que ocorrerá se non se actúa? As temperaturas ascenderán entre 1,4 no mellor dos casos, e 6,4 no peor, en relación co promedio 1980-99; o nivel do mar subirá entre 18 e 59 centímetros; haberá un aumento dos fenómenos meteorolóxicos extremos, como furacáns, olas de calor e secas; haberá un importante descenso dos recursos hídricos, e o proceso do desxeo dos polos será irreversible.



Alumno:

Cristina Vilas Regueira

Lema:

A ameaza é real, e a forma de combatila é sinxela

Descrición:

Como se pode frear o cambio climático. As posibles medidas e cales serán os seus efectos se non se actúa.

Centro:

IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)

Curso:

1º ESO B



Patiño, A.
IES Campo de S. Alberto

Narrativa

O cambio climático

Non nos damos conta pero estamos destruindo o noso planeta, o noso fogar, con accións coma as seguintes:

- A contaminación, tanto dos mares como dos ríos, das cidades, etc...
- O fundimento dos polos e o aumento do nivel do mar.
- A tala das árbores e plantas.
- O insuficiente uso das enerxías renovables.
- O gasto excesivo de auga, luz, etc...

É o noso deber aportar solucións:

- A investigación para mellorar a eficiencia enerxética co emprego de enerxías renovables e o uso delas.
- O interés de parar o cambio climático e os actos que o perxudican.
- A colaboración das ONG medioambientais e dos que axudan a estas.

¿NON É UN BO COMENZO PARA ACADAR O REMATE DO CAMBIO CLIMÁTICO?



Alumno:

Alba Patiño Díaz

Lema:

O Cambio Climático

Centro:

IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)

Curso:

1º ESO B

Descrición:

O cambio climático. Que o causa e que facer.

Moledo, N.
IES Campo de S. Alberto

Narrativa



Cambio Climático



¿Qué é o cambio climático?

O cambio climático é a maior ameaza ambiental do século XXI, con consecuencias económicas, sociais... e ademais as empresas, as economías e a natureza, en todo o mundo, están sendo afectadas.

¿Cal é o problema do cambio climático?

O clima sempre variou, pero o problema do cambio climático, é que, no último século o ritmo destas variacións acelerouse moito, e a tendencia é que esta aceleración encontre que existía unha relación directa entre o calentamento global, o cambio climático e o aumento das emisións de gases do efecto invernadoiro.



Alumno:

Noelia Moledo Queiruga

Lema:

O cambio climático

Descrición:


Que é e quen causa o cambio climático.

Centro:

IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)




Curso:

1º ESO B



García H.
IES Campo de S. Alberto

Curtos



Alumno: Hugo García Crende

Lema: O Cambio Climático

Centro: IES Campo de San Alberto (Noia, A Coruña)

Curso: 1ºESO

Descrición:

Fixen un pequeno documental sobre o cambio climático. Empeza con unha explicación do que esta a ocorrer e unha animación do efecto invernadoiro. Despois vai explicando con video cousas e estan a ocorrer